

## Os espantallos encherán o rural de Ferrol a partir do próximo ano

### REDACCIÓN > FERROL

*Hai canto tempo que non dan unha volta polo rural? Lémbranse deses espantallos que antaño cubrían leiras e campos co único fin de protexer as colleitas e que hoxe en día parecen estar en perigo de extinción? Moitos, a maioría, foron substituídos por bolsas de plástico, cedés ou botellas mal clavadas en simples paos.*

Esta tendencia non deixou de crecer na última década relegando ós verdadeiros espantallos a simples lembranzas na memoria duns poucos. Coa intención de rachar para sempre con isto e recuperar a figura do espantallo no rural a asociación cultural Ti e máis eu Teatro pon en marcha o anteproxecto “Artespantallo”, unha iniciativa que naceu hai un ano da man da asociación A Cañada da Arte, do Concello de Covelo, en Pontevedra, e que se está a espallar por diferentes zonas de Galicia. En marzo do vindeiro ano comezará a funcionar na nosa cidade, pero xa desde hai uns meses Ti e máis eu Teatro está a traballar no anteproxecto e promoción dun evento que pretende implicar a institucións públicas, entidades veciñais, culturais, colexios, artistas e particulares co fin de recuperar a figura dos espantallos contribuíndo tamén deste xeito a conservar a natureza e todo o que elo conleva.



Imaxe do espantallo colocado o pasado 30 de maio nunha leira de Covas

Pero, “Artespantallo” é moito máis. Josefa Deibe presidenta da asociación, explica que a confección destas figuras de palla e a súa colocación nas leiras de Ferrol é so unha parte do proxecto. A intención de Ti e máis eu Teatro é artellar a partir deste punto todo tipo de actividades culturais vencelladas co mundo agrario e rural. É dicir, unha vez se poña en marcha “Artespantallo” (en principio será a partir de marzo do 2010) o obxectivo da proposta é levar a todas as asociacións veciñais e culturais que se adhiran á iniciativa unha programación paralela que teña na figura do espantallo o nexo común. Así, segundo Josefa Deibe, haberá representacións teatrais na rúa, espectáculos de guiñol ó aire libre, exposicións, conferencias, charlas, actuacións musicais e mesmo algunha exhibición de artesanía tradicional.

Paralelamente a esta programación cultural, preténdese crear tamén unha ruta turística, a do espantallo, polo rural de Ferrolterra. “A xente coñece as praias pero non os montes nen o interior de Ferrol. A través desta ruta queremos levar o turismo polo noso rural seguindo sempre ós espantallos, a figura máis característica do noso rural”, explica Josefa Deibe. Búscase tamén a implicación dos colexios para que organicen excursións seguindo esta ruta, unha actividade que desde Ti e máis eu Teatro califican de educativa e lúdica. “Serviría para explicarlles ós rapaces como é a vida no agro xa que moitas veces pensan que o leite nace nos supermercados”, comenta Deibe.

Aínda que “Artespantallo” nace coa clara intención de recuperar a figura do espantallo no campol, o centro da cidade non queda fóra desta iniciativa. De feito, desde a organización estase a traballar para que nos escenarios máis emblemáticos co casco urbán tamén se poidan amosar estas figuras. O Cantón de Molíns, a praza de Armas, a de España, Amboage, os locais das asociacións veciñais ou os escaparates dos comercios da Magdalena poderían ser as “leiras” do centro de Ferrol. Deste xeito preténdese despertar a curiosidade da xente para que a raíz disto se despracen ata o rural.

Desde Ti e máis eu Teatro convídase a todas as asociacións veciñais e culturais da cidade a sumarse a un proxecto que se está a desenvolver con gran éxito noutras zonas de Galicia.